

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Ref: Lugo emprego activo

Asunto: Decreto designac membros SUSTITUCION MEMBROS

DECRETO NÚMERO 462 /2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DITADO POLA TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA.

Ilma. Sra. Dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, 16 de xuño de 2010.

Instruído expediente relativo a MODIFICACION DA COMPOSICION DO COMITÉ DE EXPERTOS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA DOS CURSOS DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO”.

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto “Lugo Emprego activo”, Segunda Fase.

2.- Cláusula Décimo-segunda, punto 12.1.2., no que se detalla que para a valoración dos apartados relativos á OFERTA TÉCNICA e tendo en conta o sinalado no artigo 134 da LCSP, deberá constituírse un comité formado por expertos na materia non integrados no órgano proponente do contrato que serán tres técnicos competentes do Concello de Lugo ou, se non fora posible, por tres profesionais con coñecementos na materia, ó que corresponderá a avaliación das proposicións conforme ós criterios sinalados. Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

3.- Visto Decreto número 34/2010 Do 15 de febreiro, no que se designaron os membros que formarían parte do comité de expertos para a valoración das ofertas presentadas para a contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto “Lugo Emprego Activo”, e que resultaron ser:

- MARÍA JOSÉ CARVALLO RUIZ, Técnico Superior de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo.
- MARÍA JESÚS GONZÁLEZ VARA-PIN, Técnico do Servizo de muller do Concello de Lugo.
- LIDIA PLATAS, do Servizo de Drogodependencias.

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Ref: Lugo emprego activo

Asunto: Decreto designac membros SUSTITUCION MEMBROS

4.- Visto que o procedemento de licitación quedou deserto no que respecta ó Lote 3 polo que se iniciou procedemento negociado con invitación a tres empresas, resulta necesaria a reunión novamente do Comité de expertos para a avaliación da oferta presentada. Tendo en conta que un dos membros designados para formar parte do Comité dona Maria José Carvalho Ruis está actualmetne de baixa é polo que faise necesario que se nomeen a outro membro que a substitúa.

En consecuencia e polas atribucións que me están conferidas

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Substituir a dona Maria José Carvalho Ruíz por DONA MARIA JESÚS LÓPEZ VÁZQUEZ a cal formará parte do comité de expertos para a selección da empresa adxudicataria do servizo para a CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO” SEGUNDA FASE, xunto cos outros membros desginados emdiante Decreto nº 34/2010.

SEGUNDO.- Publicar este Decreto no perfil do contratante do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Notifíqueselle-la presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñe-los seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Ref: Lugo emprego activo

Asunto: Decreto designac membros SUSTITUCION MEMBROS

CUARTO.- Así mesmo déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.

Cúmprase.